

# TA'ANG

[Wang Bing, 2016]

**PASE ÚNICO:** 15 de xaneiro de 2018 | V.O.S.E.

*Ta'ang* (2016, 148')

**Dirección:** Wang Bing

**Guión:** Wang Bing

**Son:** Emmanuel Soland

**Montaxe:** Adam Kerby, Wang Bing

**Fotografía:** Shan Xiaohui, Wang Bing

**Música:** Philippe Sarde

**Dirección de arte:** Zhu Zhu

**Produtoras:** Mao Hui, Wang Yang (China)

**Distribuidora:** Asian Shadows

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Birmano, mandarín

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Mrs. Fang*, 2017

*Bitter Money*, 2016

*Till Madness Do Us Part*, 2013

*Three Sisters*, 2012

*El dinero del carbón*, 2009

*He Fengming*, 2007

*Al oeste de los railes*, 2002

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cartagena 2017 (mellor filme),

Berlinale 2016 (Forum)

# 330

## SINOPSE

Os Ta'ang, unha minoría étnica de Birmania, atópanse atrapados entre a guerra civil e a fronteira con China. Desde principios de 2015 os duros combates obrigaron a miles de nenos, mulleres e persoas de idade avanzada a un éxodo a través da fronteira cara a China. O filme segue a vida diaria destes refuxiados, obrigados a abandonar a súa casa coa esperanza de regresar axiña.

«Un sufrimento esquecido que o cineasta captou en condicións moi precarias. O resultado é magnífico, arrepiante»

Arnaud Schwartz, LA CROIX

# OS OLLOS VERDES

CINEMA  
INÉDITO  
DE NUMAX

# TA'ANG

Wang Bing, 2016



Proxección en colaboración con  
Amnistía Internacional Compostela



AMNISTÍA  
INTERNACIONAL

## Nota de intencións do director

O filme gravouse na provincia chinesa de Yunnan, fronteiriza coa rexión de Kokang, da veciña Myanmar. Fuxindo da guerra civil de Kokang, unhas 100.000 persoas das etnias Ta'ang, Han, Dai e Burmese fóronse refuxiar aos vales dun pequeno río, na fronteira entre os dous países. Estes refuxiados foron sobrevivindo cos escasos víveres que trouxeron con eles, axuda humanitaria e comida mercada a vendedores chineses pagada co diñeiro que teñen aforrado. Gravamos a vida en dous campos de refuxiados de Maidihe e Chachang, nos que tiñan acubillo 4.000 e 2.000 refuxiados respectivamente. As condicións de vida e a localización dos campos mudaban constantemente debido á superpoboación, que levaba a moita xente a acampar á beira do camiño. Moitos refuxiados foron vivir con familiares ou amigos en pequenas vilas ao longo da fronteira. A maioría deles desenvolvían traballos ocasionais para granxeiros locais, habitualmente na colleita do azucre.



Os refuxiados do campo están en continuo movemento dun lugar a outro, co que as mulleres pasaban acotío cara a territorio chinés, acampando nas aforas da cidade de Baiyan. Durante o día ían á cidade á procura de traballo. De noite non había sitio abondo na tenda, co que pasaban o tempo a falar arredor do lume, mentres os nenos durmían dentro. Un día, estes refuxiados relataron en longas conversas ao redor do lume as vidas ordinarias de moitos cidadáns no conflito de Kokang, as súas propias experiencias no horror da guerra, a súa fuxida, como viron aos seus veciños e familiares seren apaleados, masacrados, ou enrolados á forza no exército.

Na zona de Chaheba uns 700 refuxiados viven espallados en diferentes aldeas a uns dous quilómetros da zona de guerra. Entre o 20 e o 23 de abril a loita foi particularmente severa. O son das pistolas e as explosións achegándose máis e máis creou unha grande ansiedade entre os refuxiados que comezaron a se mover cara ás montañas, levando consigo os nenos e unhas poucas pertenzas. Ao escurecer, as mulleres e o nenos atopan un novo acubillo. Prenden o lume e paran a descansar para pasar a noite.

# TA'ANG

[Wang Bing, 2016]



## SOBRE O DIRECTOR

WANG BING nace en 1967 na provincia de Shaanxi, no norte de China, estudando fotografía na Universidade das Artes de Shenyang. En 1995 entra estudar na Academia de Cinema de Beixín, na área de fotografía. Bing dá os seus primeiros pasos como director de foto para outros cineastas até que debuta na dirección en 2003 coa monumental *Al oeste de los raiiles*, de máis de 9 horas de duración. Unanimemente aclamada como unha obra mestra do documental contemporáneo, a obra de Bing esculcaba na traumática transición da economía estatal chinesa cara a un sistema de mercado. A continuación a súa obra emprende ambiciosos proxectos que radiografían a historia (*He Fengming*, 2007) e o presente do seu país, rexistrando a vida da clase traballadora (*El dinero del carbón*, 2009), a pobreza do rural (*Three Sisters*, 2012), grupos sociais estigmatizados como os internos dun psiquiátrico (*Till Madness Do Us Part*, 2013) ou unha doente de alzheimer na súa máis recente *Mrs. Fang* (2017). Con *Ta'ang* a súa obra atinxe un dos maiores problemas globais contemporáneos a partir do rexistro quedo e humano do concreto: a vida cotiá dun pobo sitiado entre lumes, cun pasado esmagado pola guerra e un futuro incerto.

## NA LIBRARÍA NUMAX

*À la folie*, Wang Bing  
Arte Editions [DVD]

*Le fossé et Fengming. Chronique d'une femme chinoise*, Wang Bing. Capricci [DVD]

*Les trois soeurs de Yunnan*, Wang Bing  
Arte Editions [DVD]

## “Pareceume interesante unha observación queda desta caótica situación”

### Entrevista con Wang Bing

Por Michael Guarneri e Jin Wang

**Canto diñeiro precisaches para facer *Ta'ang*?** Tan só uns poucos miles de euros para comezar a rodar, porque o filme foi gravado na rexión do sudoeste de China. O custe do filme é basicamente o da viaxe, máis algúns gastos de rodaxe, que durou á volta dun mes en total.

**O filme abre cunha escena no que o caseto no que vivían os refuxiados cae en anacos. A xente de *Ta'ang* deixou as súas casas en Myanmar e agora as súas vivendas temporais na fronteira chinesa caen de novo. É unha apertura moi concisa e poderosa. Como entraches en contacto con estes refuxiados nun primeiro termo?**

Os refuxiados pertencen ao grupo étnico ta'ang e tamén a outros pobos. Falan a súa propia lingua, que eu non son quen de entender. Porén, ao vir dunha área fronteiriza entre varios Estados comprenden diferentes idiomas, entre eles o chinés. Así, cando visitei a fronteira por vez primeira encontreime varias mulleres e nenos. Inmediatamente sentín que eran seres humanos moi simples e puros. Gústame ese tipo de persoas, parécenme moi interesantes. Así que decidín seguílos e comecei gravar. Desde que comezou a guerra nesta

zona todo o mundo ten medo e ansiedade, por tanto pareceume que sería interesante unha observación queda desta caótica situación. A miña intención non é facer un filme sobre as causas políticas do conflito, senón rexistrar as historias das nais desprazadas cos seus fillos. Pensei que esas historias, que me parecen tan interesantes, podían ser atractivas para os espectadores que nunca estiveron alí nin experimentaron este tipo de situacións.

Gravei a vida diaria do pobo ta'ang na fronteira durante un breve período e logo marchei. Volvín unha segunda vez porque quería gravar máis material pero as mulleres e os nenos que coñecía marcharan sen deixar rastro. Así que fun a outro sitio e coñecín un grupo diferente de refuxiados aos que seguín durante un tempo. Coma nos demais traballos meus, a miña esperanza é conseguir detectar os sentimentos destas persoas e trasladar as súas personalidades, experiencias e vivencias ao filme.

**Durante esta eterna noite un grupo de mulleres e uns poucos homes ao redor do lume comezan a falar das súas vidas e miserias, das familias rotas polas guerra, albiscando un futuro. Estar a falar en conxunto axúdaos un chisco, dálles a oportunidade de expresarse. É a túa cámara como ese lume na noite, que a xente pode usar para discutir sobre os seus problemas?** Coido que estás a interpretar de máis o filme. Para min non hai metáforas. As cousas son bastante simples. O pobo ta'ang vén dunha zona rural na que é moi común xuntarse ao redor

do lume e falar. Nas súas rexións de orixe, as noites non son tan frías como no norte da China. O pobo ta'ang é moi diferente da vida na cidade. As escenas nocturnas no meu filme amosan este hábito e coido que é un intento dos refuxiados por vivir con normalidade, como se estivesen de volta nas súas aldeas de orixe.

**Conseguir diñeiro para o transporte, cociña e outras necesidades básicas é fundamental para os refuxiados, que traballan en plantacións de cana de azucre. Traballan en situacións legais?**

Reciben un salario por baixo do mínimo legal, por suposto. Para os refuxiados é esencial conseguir un traballo para sobrevivir lonxe das súas casas. Están tan desesperados que se ven obrigados a aceptar calquera traballo, salario e condicións laborais. Esta situación non é para nada inusual, sucede por todo o planeta. Cada persoa ocupa a súa situación na cadea e procura o seu propio beneficio, tirando vantaxe dos demais. Isto vese claramente en *Ta'ang*. Porén o filme tamén amosa a xente en problemas axudándose uns aos outros, sen importar de que etnia ou nacionalidade sexan. A bondade do ser humano agroma ás veces, xunto coa súa cara máis cobizosa.

Publicado en [www.filmcomment.com/](http://www.filmcomment.com/)

\*\*\*

## “Un tratado visual e tematicamente absorbente”

Por Clarence Tsui

Mentres todos os ollos pousan nas vagas de refuxiados que tentan chegar ás costas europeas, o documentalista chinés Wang Bing ofrece un espido recordatorio de que movementos de poboación igualmente tráxicos están a ter lugar en moitos outros lugares do mundo. Un tratado de dúas horas e media de duración, visual e tematicamente absorbente, que nos fala do movemento dunha minoría étnica a través da fronteira que separa Myanmar e China, no que procuran acubillo. Bing, cuxos traballos

previos se tiñan centrado nas capas marxinas da sociedade chinesa, entronca aquí con diferentes liñas temáticas transnacionais ao tratar a crise dos refuxiados e tamén o futuro post-ditadura de Myanmar.

*Ta'ang* comeza cunha escena que é familiar en moitos documentais sobre refuxiados: un home uniformado, presumiblemente un garda dun campo de refuxiados chinés, bate nunha muller ataviada co traxe tradicional e aparentemente remisa a falar. Mais a violencia e o exotismo cultural rematan aquí. Logo desta breve escena, oficiais e soldados convértense en algo case ausente e o filme dedícase a retratar aos refuxiados varados nunha estraña terra cos mínimos apoios e recursos. Pola noite, os confundidos membros deste pobo xúntanse e emprenden longas conversas, rexistradas en planos secuencia.

Cando Wang decide cortar a primeira conversa, segue a outro grupo que parou no medio dun camiño enlamado ao escoitar explosións e disparos na distancia. De novo Wang consegue reflectir a complexidade social e psicolóxica destes refuxiados: unha muller viste un sombreiro de flores, vaqueiros e deportivas, namentres un home camiña levando un paraugas amarelo nunha man e un machado dun metro de longo noutra.

Sempre preocupado polo primeiro plano do pasado e o presente do seu país, Bing non se limita a facer filmes cunha soa mensaxe. Ao igual ca en documentais anteriores como *He Fengming* (2007) (no que o sol avanza gradualmente sobre un intelectual perseguido) e *Father and Sons* (2014) (gravado integramente nun cuarto, cun xogo de sombras que remite a Murnau ou Tourneur), hai moita atención ao plano estético tras o seu retrato social. En *Ta'ang* o ollo de Bing, ofrece intrigantes xustaposicións visuais combinando encadre e luz. Empregando só luz natural, as escenas con lume salientan os rostros fatigados dos refuxiados. A isto engádese unha banda sonora que captura o ambiente que rodea os individuos, cun traballo de Emmanuel Soland que proporciona unha textura fundamental para que o espectador comprenda e empatice con persoas cuxas vidas están condicionadas por circunstancias que fican lonxe do seu control.

Publicado en [www.hollywoodreporter.com](http://www.hollywoodreporter.com)  
Traducións: Xan Gómez Viñas

# OS OLLOS VERDES

● CINEMA INÉDITO DE NUMAX

«Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX» presenta cada mes e en exclusiva filmes cun destacado percorrido en festivais internacionais que nin foron estreados, nin teñen prevista a súa proxección en salas comerciais en España.

Ademais, **se estudas na USC**, podes obter **1 crédito ECTS** pola asistencia ás sesións! As persoas inscritas na actividade terán que asistir a 12 ou máis proxeccións durante o curso académico entre os meses de outubro e xuño (incluídos) e elaborar algún contido específico, cunha extensión mínima de 5.000 caracteres, que teña relación con calquera aspecto do programa. Máis info en [www.numax.org](http://www.numax.org), [org](mailto:org) ou en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)